

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

EXENCIÓN DO CANON DA AUGA E COEFICIENTE DE VERTURA

O venres día 19 de febreiro de 2021 saíu publicada a resolución de Augas de Galicia pola que se establece o modelo normalizado para a solicitude da exención no canon da auga e coeficiente de vertedura.

BENEFICIARIOS

Titulares de consumos de auga nos seguintes establecementos:

- Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafetarías e bares.
- Establecementos de lecer e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.
- Hoteis e aloxamentos turísticos.
- Albergues turísticos.

REQUISITOS

Os titulares de consumos de auga nos establecementos indicados, deberán ver diminuída significativamente a súa actividade no período comprendido entre o 5 de novembro de 2020 e a data en que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, ambas as datas incluídas, entendéndose por diminución da actividade cando:

- Os **consumos de auga realizados sexan iguais ou inferiores ao 25 %** do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020.
- Dos rexistros de aloxamentos, dos servizos efectivamente realizados ou do consumo eléctrico se desprenda unha **diminución da actividade no período de vixencia da exención de, polo menos, o 75 %** respecto da actividade desenvolvida no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020. A acreditación do cumprimento deste requisito realizarase mediante unha declaración responsable.

No caso de que non dispoñan de contador, os solicitantes deberán presentar unha solicitude por cada período de facturación onde o contribuínte considere que cumpre os requisitos de diminución significativa de actividade durante todo o período de vixencia da exención.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, no **procedemento AU231C, ante a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia**, acompañado da seguinte documentación:

- Copia da última factura de auga.
- A acreditación da representación, no caso de actuar a través de representante.

Meira, 24 de febreiro de 2021.

O Alcalde
Asdo.: Antonio de Dios Alvarez

